

O alumnado de arpa de Galicia inaugura mañá, xoves 3 de agosto, o 10º Noia Harp Fest

As e os estudantes, procedentes de diferentes escolas de Vigo, Santiago, Mos e Ferrol, ofrecerán a partir das 18:00 horas no Liceo de Noia un repertorio cheo de temas populares e arranxos de *Bohemian Rhapsody*, de Queen, ou d'*O vals do mencer*, de Emilio Cao

A vila noiesa acolle até o 6 de agosto a décima edición dun festival único no noroeste peninsular no que teñen cabida o folk, a vangarda, a música tradicional ou a clásica



Noia, 2 de agosto de 2023.- O Noia Harp Fest, o único festival dedicado á arpa no noroeste da Península Ibérica, inaugurarán mañá, xoves 3 de agosto, a súa décima edición. Até o vindeiro domingo, día 6, a vila noiesa acollerá un **evento musical aberto a todos os públicos** e que aposta pola diversidade estilística na súa programación, na que a interpretación do instrumento é o fío condutor.

O **10º Noia Harp Fest** comezará no serán do **xoves 3 de agosto** cunha sesión festiva e que porá en valor o talento local. O alumnado das escolas de arpa de Galicia abrirá, por segundo ano consecutivo, o festival. Estudantes de Vigo, Santiago, Mos e Ferrol actuarán **a partir das 18:00 horas no Liceo de Noia**, nun concerto cun repertorio que contará con temas tradicionais de distintas rexións do mundo e até un arranxo da *Bohemian Rhapsody* de Queen. Como peche, todas e todos renderán homenaxe a quen introduciu, por vez primeira, a arpa na música feita en Galicia, **Emilio Cao**, coa interpretación do seu *O vals do mencer*, arranxado especificamente para a ocasión. De seguido celebrarase unha foliada de benvida ao festival.

Nesta segunda edición do Encontro de Escolas de Arpa de Galicia, participará o alumnado de **Mayeuis, Conservatorio das Artes de Vigo** (cuxa profesora é Mayca Alleres); da **Escola Municipal de Música Folk e Tradicional ETRAD, de Vigo** (Begoña Riobó); da **Escola Municipal de Música de Santiago** (Bleueen Le Fric); do **Conservatorio Profesional de Música de Torroso, de Mos** (Alba Barreiro); e do **Conservatorio Profesional de Música Xan Viaño, de Ferrol** (María José Carralero). Ademais do concerto no Liceo de Noia, o grupo participará nunha xornada de convivencia, que incluírá un ensaio conxunto e ruta en kayak pola ría de Noia.

Noia Harp Fest

O 10º Noia Harp Fest, organizado pola asociación homónima e Nalgures Producións, e dirixido por Rodrigo Romaní coa colaboración de Beatriz Martínez e Alba Barreiro, ofrecerá este 2023 **nove concertos**, que serán de acceso gratuíto para o público e que terán lugar en espazos singulares da vila. Ao longo de catro xornadas, estilos coma o **folk, a vangarda e a electrónica, as músicas populares galegas, francesas e alemás**, ou mesmo a **clásica contemporánea**, percorreren as rúas, prazas e recintos culturais de Noia.

Así, a Praza do Tapal, a Igrexa Santa María A Nova, o Teatro Coliseo Noela ou o Liceo de Noia acollerán as actuacións de arpistas de recoñecida traxectoria, coma a irlandesa **Laoise Kelly**, a alemá **Daniela Heiderich**, as escocesas **The Pozzies** ou a andaluza **Müsgo**; de novas intérpretes que están a espallar o seu talento nas mellores orquestras de Europa, coma a portuguesa **Beatriz Cortesão** ou as españolas **Elisabeth Cerra e Claudia Besné**; e de agrupacións claves para a difusión da música no territorio galego, como é o caso da **Real Filharmonía de Galicia** ou de **SonDeSeu**. Ademais de artistas notables do ámbito galego, estatal e internacional, o NHF acolle tamén ás **persoas amadoras do instrumento ou que se están a iniciar na súa práctica**, como é o caso do alumnado de arpa das escolas de Galicia. Esta pluralidade e diversidade da práctica artística, así coma das orixes das e dos participantes, fai do Noia Harp Fest unha **proposta estimulante e próxima** para todos públicos de todas as idades.

O Noia Harp Fest, organizado pola asociación homónima e Nalgures Producións, conta co patrocinio da Xunta de Galicia a través da Axencia Turismo de Galicia, do Concello de Noia e da distribuidora musical Altafonte. Tamén colaboran nesta edición o Liceo de Noia e a Asociación de Española de Arpistas. Para máis información, pódese visitar www.noiaharpfest.gal.

Axenda do Noia Harp Fest para o xoves, 3 de agosto

Liceo de Noia, 18:00 horas | II Encontro de Escolas de Arpa de Galicia. Homenaxe Emilio Cao.

Liceo de Noia, 20:30 horas | Foliada de benvinda ao 10ª Noia Harp Fest


Contacto de prensa Noia Harp Fest

Lucía Pita - 675 404 321 prensa@theofficeco.es

Kit de prensa Noia Harp Fest 2023 (dossier do NHF, notas de prensa, fotos, etc.)

<https://www.dropbox.com/sh/elcnyzkqk4m2s4u/AADv2O6QPRKMbUupDMslajlQa?dl=0>

Patrocinan



Colaboran



Organizan



nalgures